

Grupo de Investigación Etnográfica «Chaira». *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*, Lugo, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1998.

O Grupo de Investigación Etnográfica «Chaira» (Lugo, 1992), composto por M<sup>a</sup> Ofelia Carnero Vázquez, Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Antonio Reigosa Carreira (premio «Merlín» 1998 por *Memorias dun raposo*, título co que tamén foi finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil) e mais Mercedes Salvador Castañer, todos eles traballadores do Museo Provincial de Lugo, vén realizando desde hai anos numerosas actividades no campo da investigación e mailo inventariado das variadas formas de tradición oral que áinda subsisten no dilatado espacio da súa provincia.

Nese labor calado e, a pesar da súa urxencia, case descoñecido para o gran público, podemos destaca-los rexistros realizados nos concellos de Abadín, A Fonsagrada, Begonte, Chantada, Lugo, Mondoñedo, Navia de Suarna, Vilalba, e tamén o que deu lugar ó libro obxecto da nosa recensión: *A Pontenova, municipio dacabalo das provincias de Lugo e Asturias*, e que polo tanto constitúe un ámbito de estudio moi interesante polo seu carácter fronteirizo e afastado do núcleo do que hoxe consideramos Galicia.

O precedente do volume foi o *Inventario de lendas, contos, romances e outras manifestacións da literatura de tradición oral do concello da Pontenova*, realizado entre os anos 1995-96 e subvencionado polo propio concello da Pontenova, que foi un dos máis firmes impulsores para que este traballo se levase ó prelo e estivese, dese xeito, a disposición dos interesados no patrimonio cultural galego. Unha riqueza que, como se encargan de demostrar tódolos que participaron no libro, non se reduce só a complexas arquitecturas ou paisaxes naturais con engado turístico, senón que tamén inclúe a tradición oral, a fala, a literatura popular plasmada en contos e adiviñas, en lendas e oracións, en chistes e romances, parrafeos e trabalinguas, que desgraciadamente hoxe xa non se transmiten de boca en boca, porque se rompeu o fío —créannolo, un vencello máis valioso cá lendaria cadea de ouro que, segundo un dos informantes, unía o castro de Vilar coa Pedra da Arca, é somos conscientes de parafrasearmos a un Castelao que antepoñía o valor do galego ó do Pórtico da Gloria—, e agora precisamos de volumes coma *Polavila* para conserva-lo que áinda gardan esas cabezas vellas, conscientes da perda dun tesouro, do asolagamento do seu mundo baixo as augas frías e desagradecidas do progreso e maila desmemoria.

A este respecto non podemos esquecer que a meirande parte dos informantes de *Polavila* están comprendidos no intervalo de 61 a 80 anos, e non aparece ningún no período que vai dos 16 ós 40 anos (sempr en referencia ó ano 1996). Estes datos abondan para nos dar conta da desfeita que supuxeron eses anos, nos que se destruíu, unhas veces por descoido e outras deliberadamente, todo aquelo que ulise a *vello*, todo o que lembrase tempos pasados (áinda que moitas veces se

conservase só o negativo), coa conseguinte desaparición do patrimonio oral.

O concello da Pontenova (3882 habitantes en 1991, 3671 na actualización do censo correspondente ó 1 de xaneiro de 1995) é en parte herdeiro do desaparecido de Miranda, e na actualidade está composto por 11 parroquias, Bogo, Conforto, A Pontenova, San Xoán e San Estevo de Recedende, Vilaboa, Vilameá, Vilaodrid, Vilaouruz, Vilamide e Xudán, nas que se integran ata 67 lugares habitados.

Os trazos más destacables do municipio son a importante presencia do curso do Eo, a tradición mineira da comarca, e o seu carácter de raia con Asturias (co conseguinte fluxo de tradicións). Canto á lingua, temos que salientar que a fala pertence xa ó bloque oriental e, polo tanto, presenta xa características do galego de Asturias, como por exemplo, a preferencia polo verbo *tar*, en paga do normativo *estar*, ou o sufijo *-ín*, fronte ó *-iño* da maioría das falas galegas.

O aspecto lingüístico é comprobable no texto, dada a fidelidade ás formas orais, pois os autores pretenderon presentarnos un documento e non unha reconstrucción máis ou menos ideal co risco que supón emenda-la cultura oral e facela presuntamente modelica. Esta «maquillaxe» de formas é perceptible en moitos dos más recentes libros que se publicaron no ámbito da etnografía e antropoloxía galegas; textos moi repetidos (seguimos a vivir das rendas) e desconectados do seu ambiente, sen informar a penas da súa procedencia ou o seu alcance temporal e xeográfico, co que o seu valor intrínseco queda moi minguado.

As entrevistas abrangueron unhas 100 persoas e quedaron plasmadas en 468 fichas nas que se apuntaron rigorosamente os seguintes datos:

- Lugar e data
- Datos do informante
- Datos da peza (título, clasificación, bibliografía)
- Datos da gravación
- Documentación gráfica (fotos e debuxos de monumentos e lugares ós que fan referencia os informantes como escenarios de feitos lendarios)
- Transcripcións literais.

Na actualidade, os fondos documentais e as gravacións do Inventario están depositados no Concello da Pontenova, para que quede como patrimonio dos veciños, froito da súa colaboración desinteresada co grupo «Chaira». Ese era un dos obxectivos dos autores, rexistrar, espallar e difundi-lo patrimonio dos xéneros maiores (lendas, contos e romances) sen despreza-las formas breves ou menores (fías, trabalinguas, ditos ou cántigas).

O *Polavila* actual conta cun irmán maior, «*Contos da Polavila. Parolas e comentarios feitos ó son do lume, en varias cuciñas de unha aldea da provincia de Lugo, en noites de xeada*» publicado por José María López en 1928 e que, segundo Carballo Calero, ten o gran mérito da fidelidade á fala propia da zona.

A palabra polavila designa «unha reunión nocturna de xentes da veciñanza co obxectivo principal de diver-

tirse», e este é o ambiente, a *performance* como sinala o prologuista Anxo Fernández Ocampo, que Ofelia, Xoán, Antonio e Mercedes lograron que recreasen os seus informantes, facéndoos así cómplices do libro, conscientes do valor da súa tarefa para recuperaren a memoria, a heranza dos devanceiros e a recordo dos días que non volverán.

O libro está estructurado en tres partes, Lendas, Contos e Romances.

A primeira parte está dedicada, ademais de conter lendas topónimicas e de temática relixiosa, ó universo máxico de mouros, mouras, encantos, trasnos, agoiros, ánimas e nubeiros que poboaban –e gracias a *Polavila*, ánda poboarán– os montes e camiños, as casas e cerebros, da Pontenova. É perceptible neste apartado a degradación da tradición oral, con testemuños más ben breves, aportados case sempre por xente de avanzada idade.

Os autores engaden no seu capítulo de contos un capítulo dedicado a chistes e anécdotas de personaxes locais (lebrémo-lo episodio do requeté ou as saborosas historias de Tomásín), Enriquecendo desta maneira o xa clásico corpus de contos de animais, listos e parvos, cregos, mulleres, contos de fórmula... Cómpre sinalar que a recolleita de contos na provincia ten un precedente, falamos de *Contos populares da provincia de Lugo*. Centro de Estudios Fingoy. Galaxia, Vigo, 1963; ainda que só se incluíu unha narración procedente da Pontenova.

A derradeira parte compõe de romances vellos (coma os de Santa Inés, a Amante Gallarda, o Conde Preso, a Voda Estorbada ou a Doncela Guerreira) a carón doutras variantes do xénero, estas xa modernas, nas que atopamos cantares e coplas de crimes e amores desgraciados, ou composicións humorísticas. Salientemos aquí que estes últimos (o conxunto que poderíamos denominar «romances novos») parece gozar de maior vitalidade, reflectida no elevado número deles que recolleu o equipo «Chaira».

Cada lenda, conto ou cantar inclúe os datos persoais do informante, o lugar de recollida e unha breve cita bibliográfica, facendo así más doada a busca de paralelismos e a investigación no eido etnográfico.

Como pode observarse, *Polavila na Pontenova* constitúe un auténtico exercicio de amor pola tradición, e un intento de preserva-lo que nos é más próximo. O apoio tanto da Corporación Municipal da Pontenova coma da Deputación de Lugo supón un paso adiante na recuperación do patrimonio, un exemplo que agardamos que sigan outros concellos, e que é digno de recoñecemento tamén desde estas liñas. Non podemos esquecer o papel fundamental dos informantes, como se di no libro, a eles, orixe e fin do proxecto, vai dedicado o traballo.

Antes de concluírmos debemos sinalar que Antonio Reigosa e Xoán Cuba tamén traballan na colección

*Cabalo buligán* da editorial Xerais (dedicada ós contos da tradición oral de Galicia, onde levan publicados ata o de agora catro volumes titulados *Contos marabillosos*) e que son coautores xunto con Xosé Miranda do fermoso *Diccionario dos seres miticos galegos*, Xerais, Vigo, 1999, unha obra ilustrada na que ademais dos clásicos da etnografía galega (Risco, os Carré Alvarellós, Antón Fraguas, González Reboredo...) están moi presentes os traballos emprendidos polo grupo «Chaira» con lendas e supersticións propias da provincia de Lugo, un territorio que presenta moitas lagoas nos grandes estudos do pasado, e que agora, gracias ó pulo de *Polavila* e o *Diccionario* parece que comeza a enhelas.

Recomendamos encarecidamente a lectura destes títulos a tódolos interesados na cultura tradicional galega, no convencemento de que lles abrirá novos camiños, e taimén nos atrevemos a suxerirles que sigan o seu exemplo e procedan a recoller e poñer por escrito estes bens inmateriais.

Só nos resta dárille-los parabéns ós catro autores, animoslos no seu labor, e agardar que moi cedo poidamos gozar con novas lecturas dos seus traballos.

JOSÉ LUIS GARROSA GUDÉ

MATILDE ALBERT ROBATO (coor.), *La Torre*.

*Revista de la Universidad de Puerto Rico. Literatura gallega*, terceira época, nº 10. San Juan de Puerto Rico, Editorial de la Universidad de Puerto Rico, 1998, 946 pp.

O décimo número da terceira época da prestixiosa revista portorriqueña *La Torre* está dedicado á literatura galega. A introducción corre a cargo da coordinadora do volume, Matilde Albert Robatto, quen lembra a vinculación histórica entre galegos e portorriqueños a través da emigración e a xenerosidade da Universidade de Puerto Rico cara ós exiliados da guerra civil o que propiciou un intercambio cultural. Sinala tamén o intrese compartido pola cultura galega do que o presente monográfico é unha mostra. Cerra os preliminares Fernando Amarello de Castro, quen baixo o título «A favor de una cultura universal» fala da importancia de promover las diferentes culturas.

O corpo do monográfico ten unha estrutura tripartita: a primeira sección recolle os estudios sobre algúns galegos culturalmente destacados; inmediatamente despois está a sección de inéditos na que se publican unha serie de cartas de Ramón Piñeiro a Matilde Albert coa reproducción dos orixinais; cerran a revista as recensions dos libros *Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán: afinidades y contrates* de Matilde Albert Robatto, *Acometida Atlántica (Por un comparatismo integral)* de